

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **19 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ. EXPTE. 2678/440.

Dáse conta da proposta de data 19.12.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de clasificación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 2678-440)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 11-12-2014, 12-12-2014, 13-12-2014, 17-12-2014, 18-12-2014 e 19-12-2014, e dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 18-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 2678-440), no seguinte orde decrecente:

1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE.	90,89
2	COPCISA, S.A.	90,30
3	EXTRACO, S.A.	83,66
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	78,25
5	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	69,68
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	44,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U. para que presente, no prazo

de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezanove de decembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.